



# CONCELLO DE COTOBADE

Chan, 11 – Carballedo 36856 COTOBADE (Pontevedra) Telf. 986 76 00 01 – Fax. 986 76 01 30

## DECRETO DE ALCALDÍA DE DATA 02.06.2016.

Visto o expediente en trámite para a contratación do servizo denominado **“ORGANIZACIÓN DO CAMPAMENTO DE VERÁN 2016”**, ascendendo o prezo do servizo á contía de 8.000 euros (7200 euros mais 800 euros de IVE).

Vista a resolución desta Alcaldía de data 29.04.2016, na que se aproba o prego de cláusulas que elixe como sistema de selección do contratista, ó procedemento negociado sen publicidade e coa tramitación ordinaria, optando pola celebración de mesa de contratación coa seguinte composición:

### **“13.Mesa de Contratación**

A Mesa de Contratación estará integrada de modo seguinte:

Presidente: O da Corporación, ou membro en quen delegue

Vocais:

Un representante de cada un dos grupos municipais con representación no Concello.

A Interventora de Fondos do Concello.

O Secretario do Concello.

A informadora xuvenil do Concello.

Secretario: Un funcionario adscrito ao Departamento de Secretaría.”

Rematando o prazo de presentación de ofertas o día 18 de maio de 2016, e visto o previsto na cláusula 13 do prego, e en uso das facultades que me confire a normativa vixente, esta Alcaldía **RESOLVE**:

**PRIMEIRO:** Convocar Mesa de Contratación encargada da valoración das ofertas presentadas polo licitadores coa seguinte composición:

Presidente: D<sup>a</sup> María Pichel Lois (Concelleira da Corporación)

Vogais: - D<sup>a</sup> Sonia David Cortegoso ( Interventora da Corporación).

- D. Miguel Rodríguez de Vicente-Tutor ( Secretario da Corporación.)

- D. María Ángeles Torres Vázquez (concelleiro do PSdG- PSOE).

-D<sup>a</sup> Mónica González García (informadora Xuvenil do Concello de Cotoade)

Secretaria: D<sup>a</sup> Jeanett López Fernández ( funcionaria da Corporación)

**SEGUNDO:** A Mesa celebrará a súa sesión o vindeiro **xoves 09 de xuño de 2016, a partir das 10.00 horas** no salón de sesións da Casa Consistorial.





# CONCELLO DE COTOBADE

Chan, 11 - Carballedo 36856 COTOBADE (Pontevedra) Telf. 986 76 00 01 - Fax. 986 76 01 30

**TERCEIRO:** Dar traslado da presente ós membros da Mesa de Contratación, aos licitadores presentados e publicar no Perfil do Contratante.

**CUARTO:** Dar conta ó Pleno Corporativo na primeira sesión ordinaria que celebre.

Mándao e asínao o Sr. Alcalde en Cotobade, a 02 de xuño de 2016. Ante min o Secretario.  
Dou fe.

O Alcalde

O secretario

Asdo. Jorge Cubela López

Asdo. Miguel Rodríguez de Vicente-Tutor

